



SESION ORDINARIA DE 28 DE FEBREIRO DE 2023

(Acta número 02)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente
D. José Fernández Vázquez
D. Xosé María Teixido Núñez

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero; e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY		Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY		Página	1/41	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e tres e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=1>

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO “DÍA INTERNACIONAL DA MULLER”.

Por parte do Presidente indícase que hai unha proposta de Declaración Institucional asinada polos Voceiros dos tres Grupos Provinciais, D^a. Pilar García Porto polo Grupo Provincial Socialista, D^a. Tarexa Antía Ferreiro Tallón en substitución de Don Efrén Castro Caloto polo BNG; e D. Javier Jorge Castiñeira polo Grupo Provincial do Partido Popular, que textualmente di o seguinte:

Declaración Institucional da Deputación de Lugo con motivo do Día Internacional da Muller.

A Deputación de Lugo quere sumarse un ano máis ás reivindicacións do Día Internacional da Muller e reafirmar o seu compromiso cos valores do feminismo, uns valores esenciais para acadar unha sociedade verdadeiramente xusta. A igualdade, plena e efectiva, é un obxectivo social irrenunciable e unha necesidade para consolidar a calidade dos sistemas democráticos

Nacións Unidas elixiu neste 2023 como lema para o 8M *Por un mundo dixital inclusivo: innovación e tecnoloxía para a igualdade de xénero*, para facer fincapé na necesidade de garantir que os avances científicos e o desenvolvemento das novas tecnoloxías non xere un novo modelo de exclusión tecnolóxica da muller, ou mesmo dea orixe a novas situacións de desigualdade ou

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	2/41



violencia. Segundo el informe Gender Snapshot 2022 de ONU Mujeres, a exclusión das mulleres do mundo dixital ten recortado o PIB daqueles países con baixos ingresos na última década, e se estima que a perda ascenderá a máis de 1,5 billóns de dólares en 2025 se non se toman medidas axeitadas.

Precisamos seguir desenvolvendo iniciativas que poñan en valor a presenza da muller no eido da ciencia e da tecnoloxía. E ofrecerlle ás novas xeracións exemplos de mulleres investigadoras, emprendedoras e impulsoras de avances tecnolóxicos que lles sirvan de exemplo.

No caso dunha provincia como Lugo, as mulleres do rural sofren esta brecha tecnolóxica por partida dobre, xa que ós condicionantes de xénero que aínda se atopan no conxunto da sociedade, se engaden as limitacións de acceso ás novas tecnoloxías derivadas do carácter rural da meirande dos nosos núcleos de poboación. O acceso ó 5G ou á telefonía móbil de calidade segue sen estar garantido para moitas mulleres da nosa provincia, e compromete o seu acceso á información, a súa participación na vida social e o desenvolvemento dos seus proxectos de emprendemento. Impulsar e reclamar a chegada das novas tecnoloxías ó noso rural é tamén un xeito de loitar polos dereitos das mulleres, que é loitar polo futuro do rural.

Segundo o Observatorio de Igualdade e Emprego, a fenda salarial entre homes e mulleres era do 18,7% no ano 2012. Hoxe, tense reducido a un 9,4%, unha cifra inferior á media da UE, que se sitúa no 13%, pero contra a que cumpre seguir loitando para acadar a plena igualdade laboral. Os avances acadados nos últimos anos neste eido poden verse comprometidos se as mulleres non se atopan en situación de igualdade para acceder ós novos empregos que está xerando a renovación tecnolóxica.

É queremos respaldar tamén accións como a suba do salario mínimo interprofesional, pola súa importancia á hora de rachar a fenda salarial. Porque os empregos máis precarizados están ocupados de xeito preferente por mulleres. Do mesmo xeito, a suba das pensións non contributivas axuda de xeito preferente a colectivos como o das viúvas, e repara a inxustiza de que mulleres dunha xeración que optou por quedar na casa ou non tivo a ocasión de incorporarse ó mercado laboral, teñan retribucións máis baixas.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	3/41



Ó mesmo tempo, temos que seguir loitando contra as novas formas de acoso e violencia que se exercen contra das mulleres a través das redes sociais. Segundo un estudo elaborado polas Nacións Unidas, o 38% das mulleres teñen sufrido violencia online. Unha cifra inadmisíble ante a que a sociedade non pode permanecer pasiva. As redes son mundos virtuais dende os que se exerce unha violencia moi real. Por iso queremos respaldar o traballo que están a desenvolver as diferentes forzas políticas para anovar o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, unha ferramenta fundamental para a erradicación da violencia que se exerce contra das mulleres, tamén no eido dixital.

Dende o ámbito municipal, as administracións locais teñen que seguir avanzando no seu compromiso na defensa da igualdade, garantindo os plenos dereitos das mulleres e fomentando a súa participación activa na vida local. A Deputación Provincial de Lugo deulle unha visibilidade especial ó seu compromiso cos valores do feminismo e co emprego feminino ca posta en marcha do seu Primeiro Plan de Igualdade. É un punto de partida para seguir avanzando no futuro na eliminación da fenda salarial e dos teitos de cristal que frean ou condicionan aínda as carreiras profesionais de moitas mulleres.

Temos que seguir avanzando, como di a FEMP, nos mecanismos que convertan ás administracións locais en observatorios privilexiados nos que recoller, de primeira man, datos acerca das situacións de desigualdade que aínda perviven na nosa sociedade, ou dos intentos de retroceso que podan tentar aquelas forzas políticas que rexeitan os dereitos das mulleres. Dende ese coñecemento, poderemos desenvolver solucións máis eficaces, adaptadas ós retos actuais, e que nos fagan avanzar cada día na consecución desa sociedade plenamente igualitaria entre homes e mulleres, que é a única que se pode considerar como plenamente democrática.

Por iso asinamos esta declaración, deixando de novo constancia expresa do compromiso da Deputación de Lugo cos avances históricos acadados polo movemento feminista e cos dereitos das mulleres, e o noso rexeitamento daquelas opcións políticas que asentan os seus sinais de identidade na mingua deses dereitos ou no retroceso da protección e independencia das mulleres”.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	4/41





A Declaración Institucional anteriormente transcrita é aprobada por aclamación.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=2>

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS DO PLENO

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN ROF CODINA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Antecedentes de feito

Primeiro.- A Comisión de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 8 de outubro de 1993, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

“(…) informar favorablemente os Estatutos e a Carta Fundacional da Fundación Rof Codina do Hospital Veterinario en Lugo”.

Segundo.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1993, aprobou a proposta da Comisión de Cultura e Educación de que a Deputación se adhirese a participar na Fundación Rof Codina.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	5/41



Terceiro.- En data 19 de maio de 1994, mediante Escritura autorizada en Lugo ante o Notario D. Manuel Julio Reigada Montoto (nº 1355 de protocolo), constituíuse a Fundación Rof Codina, como fundación de interese galego; figurando inscrita segundo Resolución da Xunta de Galicia, de data 29 de setembro de 1994, no Rexistro de Fundacións.

Cuarto.- No expediente remitido consta solicitude de data 9 de xaneiro de 2023 (2023RT000161) emitida dende a Xerencia da Fundación Rof Codina, na que se solicita literalmente que se proceda “(...) á aprobación polo seu órgano de goberno da modificación dos estatutos da Fundación Rof Codina”.

Xúntase á antedita solicitude:

- Borrador dos novos estatutos da Fundación Rof Codina.
- Acta da 56ª reunión do Padroado da Fundación Rof Codina.
- Memoria xustificativa da necesidade e oportunidade da modificación dos estatutos da FRC.
- Informe 27/2022, do Letrado da Xunta de Galicia D. Ricardo García Martínez, no que se informa favorablemente a proposta de modificación de Estatutos da Fundación Rof Codina.

Lexislación aplicable

- a) A Constitución Española do 27 de decembro de 1978.
- b) Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- c) Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións.
- d) Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego.
- e) Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego.
- f) Lei 9/2017, do 8 de novembro de 2017, de Contratos do sector público.
- g) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- h) Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- i) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- j) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	6/41





- k) Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.
- l) Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo

Consideracións xurídico administrativas

Primeira.- No artigo 34 da Constitución Española de 1978 establécese o seguinte:

- “1. Recoñécese o dereito da fundación para fins de interese xeral, con arranxo á lei.*
- 2. Rexeran tamén para as fundacións o disposto nos apartados 2 e 4 do artigo 22”.*

Segunda.- No artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia establécese que:

“No marco do presente Estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias: (...)

- 26. O réxime das fundacións de interese galego. (...).”.*

Terceira.- A Fundación Rof Codina é unha fundación de interese galego, a tenor do disposto no artigo 2 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego que dispón:

“1. Son fundacións de interese galego aquelas organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñan afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenrolen principalmente as súas actividades e teñan o seu domicilio no territorio da comunidade autónoma. (...).”.

A consideración como Fundación de interese galego está reflectida no texto dos seus Estatutos (artigo 1).

As fundacións de interese galego adquiren personalidade xurídica propia dende a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 5 Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego). A Fundación Rof Codina conta inscrita neste rexistro segundo Resolución da Xunta de Galicia de data 29 de setembro de 1994 (DOGA nº 208, de 20 de outubro de 1994).

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	7/41	

Cuarta.- Na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, en canto ao contido que deben ter os estatutos da fundación, recóllese o seguinte:

Artigo 12. Estatutos: “1. Nos Estatutos da fundación farase constar: a) A denominación da entidade, b) Os fins fundacionais, c) As principais actividades económicas encamiñadas ao cumprimento de ditos fins, d) O domicilio da fundación e o ámbito territorial no que desenvolverá principalmente as súas actividades, e) as regras básicas para a aplicación dos recursos a fin de cumprir os fins fundacionais e para determinar as persoas beneficiarias, f) A composición do Padroado, as regras para a súa designación e a substitución dos seus membros, as causas do cese, as súas atribucións e o xeito de deliberar e adoptar acordos, g) As causas de disolución e o destino dos bens e dereitos resultantes da súa liquidación, h) Calquera outras disposicións ou condicións lícitas que a persoa fundadora ou persoas fundadoras queiran establecer.(...)”.

O borrador da modificación dos Estatutos da Fundación Rof Codina cumpre co establecido neste artigo, así como co establecido no artigo 11 da Lei 50/2002, de 26 de decembro de Fundacións.

Quinta.- No borrador da modificación dos Estatutos que se pretende aprobar, consta a modificación dos artigos 1º, 5º, 14º, 17º, 28º, 31º e 32º, a supresión dos antigos artigos 29 e 30 (coa consecuente nova numeración do articulado derivada desta supresión, que provoca que se pase de 46 a 44 artigos) e dúas disposicións adicionais.

A competencia para modificar os Estatutos da Fundación Rof Codina regulase no artigo 42 dos seus Estatutos, onde se establece o seguinte:

“Modificación de estatutos.

Por acordo motivado de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña unha maioría absoluta legal dos membros do Padroado poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos previstos nestes estatutos e na lexislación vixente.

Dito acordo deberá conter exposición razoada e causa determinante da modificación, o contido da modificación, os novos textos e estudo económico da súa viabilidade.

A modificación ou nova redacción dos estatutos deberá ser formalizada en escritura pública e inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	8/41





A modificación da nova redacción terá que ser comunicada ao Protectorado, que so poderá oporse por razóns de legalidade, nun máximo de tres meses a contar desde a notificación”.

Consta no expediente a Acta da 56 sesión ordinaria do Padroado da Fundación Rof Codina, na que se recolle no punto 2 dos Acordos acadados que: “2. *Apróbase por unanimidade a modificación dos estatutos da Fundación Rof Codina”.*

Na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego establécese ase mesmo que:

“Art. 41 Modificación dos estatutos.

1. El patronato podrá acordar la modificación de los estatutos de la fundación siempre que resulte conveniente en interés de la misma, salvo que la persona fundadora lo haya prohibido.

2. Cuando las circunstancias que presidieron la constitución de la fundación hayan variado, de manera que esta no pueda actuar satisfactoriamente con arreglo a sus estatutos, el patronato deberá acordar la modificación de los mismos, salvo que para este supuesto el fundador haya previsto la extinción de la fundación.

3. Si el patronato no da cumplimiento a lo previsto en el apartado anterior, el protectorado lo requerirá para que lo cumpla, solicitando en caso contrario de la autoridad judicial que resuelva sobre la procedencia de la modificación de estatutos requerida.

4. La modificación o nueva redacción de los estatutos habrá de ser formalizada en escritura pública e inscrita en el Registro de Fundaciones de Interés Gallego. La modificación de la nueva redacción de los estatutos acordada por el patronato tendrá que ser comunicada al protectorado, que sólo podrá oponerse por razones de legalidad, en el plazo máximo de tres meses, a contar desde la citada notificación”.

Sexta.- Ao respecto das modificacións, indicar:

1º) Modificacións dos artigos 1, 14 e 17:

No borrador da modificación dos Estatutos elimínase, no seu artigo 1, a referencia á consideración da Fundación Rof Codina como Fundación do Sector Público autonómico como consecuencia de que se produce un cambio de adscrición a unha Administración Pública.

O cambio de adscrición ven derivado á súa vez do cambio producido na composición dos membros do Padroado da Fundación Rof Codina (tal e como se fai constar nos artigos 14 e 17, prodúcese un cambio no número de membros do Padroado, pasando a ter unha maior

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY		Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY		Página	9/41	

representación a Universidade de Santiago de Compostela; que tamén pasa a ostentar a Presidencia da Fundación Rof Codina).

Destacar que o artigo 129 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público regula o -*Réxime de adscrición das fundacións- e que no mesmo se contempla o seguinte:*.

“1. Os estatutos de cada fundación determinarán a Administración Pública á que estará adscrita de conformidade co previsto neste artigo.

2. De acordo cos seguintes criterios, ordenados por prioridade na súa aplicación, referidos á situación no primeiro día do exercicio orzamentario, a fundación do sector público quedará adscrita, en cada exercicio orzamentario e por todo este período, á Administración Pública que: a) Dispoña da maioría de patróns. (...)

(...)

4. O cambio de adscrición dunha Administración Pública, calquera que fora a súa causa, conllevará a modificación dos estatutos que deberá realizarse nun prazo non superior a tres meses, contados dende o inicio do exercicio orzamentario seguinte a aquel en se se produciu o cambio de adscrición”.

2º) Modificación do artigo 5:

Este artigo referido ao réxime normativo, modifícase como consecuencia do cambio de consideración da Fundación Rof Codina que pasa a configurarse como medio propio personificado, abandonando a consideración de fundación do sector público autonómico.

A nova redacción do artigo 5 cumpre co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (máis concretamente, ao establecido no artigo 32, relativo aos encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados)..

3º) Modificación do artigo 28:

A modificación que se realiza na redacción do artigo 28 responde a que a figura do Xerente da Fundación poida nomearse por designación do Padroado e non, necesariamente, a través dunha contratación (como se establecía na redacción anterior).

O artigo 25 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego recolle que *“Dentro dos límites establecidos na presente lei, o padroado, se así está previsto nos seus*

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	10/41





estatutos, poderá encargar o exercicio da xestión ordinaria ou administrativa das súas actividades a un xerente ou cargo semellante, que poderá ser unha persoa física ou xurídica, pero sempre con solvencia técnica acreditada ao respecto, e coa remuneración axustada ás funcións desempeñadas”.

4º) Modificación do artigo 31:

A modificación que se realiza neste artigo ten que ver cos requisitos que debe ter a persoa responsable da dirección do Cebiovet, ao considerarse máis axeitado que se nomee a unha persoa de recoñecido prestixio investigador antes que a unha persoa que sexa necesariamente acreditada como veterinario designado.

5ª) Modificación do artigo 32:

A modificación deste artigo responde á actualización normativa, xa que se indica que a Fundación se rexerá polo establecido na Lei 12/2006, do 1 de decembro de Fundacións de Interese Galego. A este respecto, establece a lei que: *“Artigo 3. Réxime xurídico : “As fundacións de interese galego rexeranse pola vontade da persoa fundadora, polos seus estatutos e, en todo caso, pola lei.”*

Sétima.- Ao respecto da eliminación dos antigos artigos 29 e 30:

No borrador da modificación dos estatutos, elimínanse estes dous artigos como consecuencia da eliminación de dúas figuras dentro da Fundación Rof Codina: a do/a tesoureiro/a interventor/a e a da Comisión de Auditoría e Control.

Considera o Padroado (tal e como se recolle no punto 2 da Acta da 56 sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro de 2022) que xa non son necesarias estas figuras dentro da fundación. A toma desta decisión estaría dentro da esfera das competencias do propio padroado como órgano encargado do goberno da Fundación. A este respecto, establece a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego que:

“Art. 15 Padroado.

1. En toda fundación deberá existir, coa denominación de padroado, un órgano de goberno e representación da mesma que adoptará os seus acordos por maioría, nos termos establecidos nos estatutos.

(...)”

Art. 32. Funcionamento.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY		Página11/41	

1. A organización, funcionamento e réxime de adopción de acordos das fundacións axustaranse ao disposto nos seus estatutos e, no seu caso, ás normas de réxime interno que a tal efecto aprobe o seu órgano de goberno, con suxeición ao preceptuado no ordenamento xurídico vixente. (...)”.

Oitava.- O órgano competente para a aprobación nesta Deputación Provincial - pola súa condición de membro do Padroado - do borrador da modificación dos Estatutos da Fundación Rof Codina é o Pleno, en base ao establecido no artigo 56 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

Conclusión

En base ao anteriormente exposto, e tendo en conta que:

- As modificacións propostas son conformes ao establecido na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e se adecúan ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector públicos.

- Os cambios propostos nos estatutos atenden substancialmente á modificación da participación dos patróns -acadando a Universidade de Santiago de Compostela a condición de patrón maioritario- e á configuración da fundación como medio propio das entidades que integran o padroado

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que polo Pleno da entidade se acorde a aprobación da modificación dos estatutos da Fundación Rof Codina”

Por todo o exposto propoño que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación dos estatutos da Fundación Rof Codina”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ó Pleno para a súa aprobación se procede”.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	12/41





O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=3>

4.- PROPOSTA RELATIVA Á INCLUSIÓN DE BENS INMOBLES NO LIBRO DE INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E APROBAR O INICIO DO PROCEDEMENTO CONDUCENTE Á CONCESIÓN DEMANIAL DO USO PRIVATIVO A FAVOR DO MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Dentro do marco legal establecido pola Lei 33/2003 de 3 de novembro de 2003 (en adiante LPAP) nos artigos de carácter básico:6.f), 32.1 e 4 e 36.1; polo Real Decreto Lexislativo 781/1986 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante TRRL) no artigo 86 e polo Real Decreto 1372/1986 do Regulamento de bens das Entidades Locais (en adiante RBEL) nos artigos 17 ao 36, o Inventario de bens e dereitos que integran o patrimonio das administracións é definido como o instrumento xurídico imprescindible para o exercicio das facultades correspondentes para a defensa e protección do mesmo.

O contido básico do artigo 32 da Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas establece as obrigas das administracións de inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio no que constará co suficiente detalle, as mencións necesarias para súa identificación e as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso ao que está sendo dedicados.

Sen prexuízo da rectificación e comprobación ordinaria que reflecten as variacións ocorridas durante o ano e/ou os erros ou omisións que non foron detectados con anterioridade e sen prexuízo das que deriven cando se renove a corporación, nada impide proceder a posibles

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	13/41	

rectificación puntuais podendo o Inventario incorporar novas propiedades sen esperar á unha rectificación anual.

Do procedemento a seguir para estas incorporacións puntuais, nada di nin o TRRL nin o RBEL polo que o procedemento iníciase por acordo da Xunta de Goberno Provincial celebrada o 3 de febreiro de 2023:

“ ...SEGUNDO: Incorporar ao Inventario de Bens da Deputación Provincial á referida reorganización de bens...”

Polo exposto, Proponse ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo:

PRIMEIRO: A incorporación do seguinte inmovible:

NOME:

PARCELA 1R (Hospital) NO CONCELLO DE CASTRO DE REI

REFERENCIA CATASTRAL:

Esta parcela está integrada polo edificio do antigo Hospital de San Rafael que se identifica co número de referencia catastral 000900500PH27G0001XZ cunha superficie de 14.873 m² e polas superficies que se corresponden coas porcións das parcelas con referencias catastrais 27010A219090040000PX (526 m²), 27010A219000010000PL (11.730 m²) e 27010A219000020000PT (15.751 m²).

SITUACIÓN:

Situado na marxe dereita da Estrada Autonómica LU-113 “Rozas (N-640) -Abadín (A-8)”, e distante da mesma uns 200 metros.

LINDEIROS:

NORTE : 27010A219090040000PX - Deputación Provincial de Lugo
27010A219000010000PL - Deputación Provincial de Lugo (Porción restante da parcela)

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	14/41





DEPUTACIÓN DE LUGO

27010A219000020000PT - Deputación Provincial de Lugo (Porción restante da parcela)

SUR: 27010A219090020000PR - Deputación Provincial de Lugo

27010A219000010000PL - Deputación Provincial de Lugo (Porción restante da parcela)

27010A219000020000PT - Deputación Provincial de Lugo (Porción restante da parcela)

LESTE: 27010A219000020000PT - Deputación Provincial de Lugo (Porción restante da parcela)

OESTE: 27010A219000010000PL - Deputación Provincial de Lugo (Porción restante da parcela)

SUPERFICIE:

42.880 m²

COORDENADAS:

623330.44 4779195.93 (Sistema de referencia ETRS89, coordenadas U.T.M. huso 29).

CARACTERÍSTICAS E ESTADO DE CONSERVACIÓN:

O inmueble do antigo Hospital de San Rafael necesita unha reforma integral.

NATUREZA XURÍDICA:

Ben de dominio público destinado ao servizo público.

CLASE:

Urbana.

TÍTULO:

Terreo adquirido ao concello de Castro de Rei en virtude de cesión feita en sesións do 18 de setembro e 31 de decembro de 1941, destinado a Granxa Provincial e outros usos.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	15/41



INSCRICIÓN REXISTRO DA PROPIEDAD:

Estes bens inmobles forman parte dunha única finca rexistral con n.º 4.345, folio 233 do tomo 656 do arquivo e 53 do concello de Castro de Rei, inscrición 1ª, data 3 de xuño de 1945.

DESTINO:

Sen uso.

SEGUNDO: Aprobar ao inicio do procedemento conducente á concesión demanial do uso privativo a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións dun total de 42.880 m2 de superficie provincial”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=4>

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

5.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2023, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Visto o informe de Intervención sobre modificación de crédito e demais documentación, é preciso dotar os correspondentes créditos mediante unha modificación de crédito consistente nun

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	16/41





suplemento de crédito, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo consta na Memoria, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 5.097.822,52 €, co seguinte detalle:

Suplemento de Crédito:

Aplicacións orzamentarias		Importe
3340.46200	Promoción cultural, Transferencias correntes a Concellos	338.000,00 €
3340.76200	Promoción cultural, Transferencias de capital a Concellos	348.000,00 €
3342.48900	Mocidade, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	10.000,00 €
3342.76200	Mocidade, Transferencias de capital a Concellos	40.000,00 €
3410.76200	Deportes, Transferencias de capital a Concellos	379.346,76 €
4190.76200	Medio Rural, Transferencias de capital a Concellos	414.000,00 €
4320.48900	Turismo, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	50.000,00 €
9250.48900	Atención aos Cidadáns, Transferencias correntes a entidades sen fins de lucro	50.000,00 €
9250.789	Atención aos Cidadáns, Transferencias de capital a entidades sen fins de lucro	200.000,00 €
9420.46200	Transferencias a Concellos, Transferencias correntes a Concellos	300.000,00 €
9420.76200	Transferencias a Concellos, Transferencias de capital a Concellos	2.968.475,76 €
TOTAL		5.097.822,52 €

Financiamento:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	5.097.822,52 €

2º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	17/41



A continuación sometese a proposta da Presidencia a votación, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D^a Dolores Castro Ochoa, D. José Pardo Lombao, e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=5>

6.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN NOS CONCEPTOS DO ANEXO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2023.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

“Visto o informe do Servizo de Benestar Social e Igualdade no que literalmente establece o seguinte:

“Corrección de erro material na aprobación da denominación do concepto das subvencións directas nominativas 2023 de Benestar Social e Igualdade, recollidas no orzamento da Deputación Provincial para a anualidade 2023.

Silvia García López, en calidade de xefa de servizo de Benestar Social e Igualdade, expón:

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	18/41





O Pleno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria realizada o 29.11.2022 aprobou inicialmente o Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023 e a documentación que o acompañaba.

O Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial expúxose ao público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante os cales admitíanse reclamacións aos mesmos, tal e como se publicou no BOP de Lugo N.º 274 de 30 de novembro de 2022.

Transcorrido o prazo non se presentaron alegacións ás subvención directas nominativas dependentes de Benestar Social e Igualdade recollidas, quedando definitivamente aprobadas a relación de entidades beneficiarias, así como, o concepto e importe destinado a cada unha delas.

Revisados os datos que constan no servizo de Benestar Social e Igualdade e de acordo coa información trasladada polas entidades beneficiarias/perceptoras, detectase un erro material de transcripción no apartado 6 Relación de subvencións nominativas do vixente Orzamento 2023 relativo ao concepto aprobado obxecto da subvención, afectando as seguintes entidades: Asociación Aliad-Ultreia; Asociación Española Contra el Cáncer; Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer Chantada; Arela Asociación, salientando que o erro de transcripción do concepto non afecta ao importe das subvencións, nin as aplicacións orzamentarias ás que se imputan (2311.48900 e 2314.48900), así como, non afecta a terceiros senón que o concepto da actuación se dirixe ao mesmo colectivo que na actuación inicialmente recollida, nin aos obxectivos recollidos nas liñas do Plan Estratéxico de Subvención onde se encadra.

O erro de material é o seguinte, no Orzamento onde se recolle:

“

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
(...)			
ASOCIACIÓN ALIAD-ULTREIA	PROGRAMA DONAS	8.000,00 €	2311.48900

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	19/41



(...)

ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER	ATENCIÓN PSICOSOCIAL AL PACIENTE ONCOLÓGICO E CARREIRA CONTRA O CANCRO	8.000,00 €	2314.48900
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER CHANTADA	SERVIZO DE TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DIFICULTADE DE MOBILIDADE NA COMARCA DE CHANTADA	12.000,00€	2314.48900
ARELA ASOCIACIÓN	PROGRAMA LECER INDIVIDUALIZADO PARA NENAS E NENOS ADOLESCENTES RESIDENTES NA CASA DE FAMILIA ARELA DE MONFORTE	5.000,00	2314.48900
(...)			

“

Debe de decir

“

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
(...)			
ASOCIACIÓN ALIAD-ULTREIA	PROGRAMA TECENDO FUTURO	8.000,00 €	2311.48900
(...)			
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER	ATENCIÓN PSICOSOCIAL AO PACIENTE ONCOLÓGICO	8.000,00 €	2314.48900
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER CHANTADA	PROGRAMA DE ATENCIÓN DIRECTA	12.000,00€	2314.48900
ARELA ASOCIACIÓN	ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA PARA AS NENAS, NENOS E ADOLESCENTES RESIDENTES NA CASA DE FAMILIA ARELA DE MONFORTE DE LEMOS	5.000,00	2314.48900
(...)			

“

De acordo co previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Por tanto, detectado os erros sinalados, procede de oficio rectificalos.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	20/41





Terase en conta que os erros sinalados constan de igual xeito no Plan Estratéxico de Subvencións vixente, aprobado pola Xunta de Goberno, polo que, terase en conta a presente corrección de erros, salientando que non afecta as liñas onde se atopan encadradas cada unha delas.

Informe:

Detectado un erro material no vixente Orzamento para a anualidade 2023 da Deputación de Lugo na transcripción do concepto da subvención de certas entidades perceptoras, en concreto, da Asociación Aliad-Ultreia, da Asociación Española Contra el Cáncer, da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer Chantada e da entidade Arela Asociación e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, infórmase da necesidade de aprobar polo Pleno da Deputación de Lugo unha rectificación material derivada dun erro de transcripción de tal xeito que onde se recolle:

“

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
(...)			
ASOCIACIÓN ALIAD-ULTREIA	PROGRAMA DONAS	8.000,00 €	2311.48900
(...)			
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER	ATENCIÓN PSICOSOCIAL AL PACIENTE ONCOLÓGICO E CARREIRA CONTRA O CANCRO	8.000,00 €	2314.48900
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER CHANTADA	SERVIZO DE TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DIFICULTADE DE MOBILIDADE NA COMARCA DE CHANTADA	12.000,00 €	2314.48900
ARELA ASOCIACIÓN	PROGRAMA LECER INDIVIDUALIZADO PARA NENAS E NENOS ADOLESCENTES RESIDENTES NA CASA DE FAMILIA ARELA DE MONFORTE	5.000,00 €	2314.48900
(...)			

“

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	21/41



Debe de dicir

“

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
(...)			
ASOCIACIÓN ALIAD-ULTREIA	PROGRAMA TECENDO FUTURO	8.000,00 €	2311.48900
(...)			
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER	ATENCIÓN PSICOSOCIAL AO PACIENTE ONCOLÓXICO	8.000,00 €	2314.48900
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER CHANTADA	PROGRAMA DE ATENCIÓN DIRECTA	12.000,00 €	2314.48900
ARELA ASOCIACIÓN	ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA PARA AS NENAS, NENOS E ADOLESCENTES RESIDENTES NA CASA DE FAMILIA ARELA DE MONFORTE DE LEMOS	5.000,00 €	2314.48900
			(...)

“

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, proponse, á deputada delegada da Área de Muller e Igualdade e ao deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social e a propoñan o Pleno da Deputación de Lugo acordar:

Aprobar rectificación de erros materiais detectadas no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2023 relativas ao obxecto da subvencións nominativas recollidas no presente informe.”

Tendo en conta todo o anteriormente exposto e o informe do Servizo de intervención, proponse por parte da deputada delegada da Área de Muller e Igualdade e do deputado da Área de Promoción Económica e Social ao Pleno da Deputación de Lugo acordar, se procede:

Aprobar a rectificación de erros materiais detectadas no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2023 relativas ao obxecto das seguintes subvencións nominativas, tal é como consta a continuación:

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	22/41





PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
(...)			
ASOCIACIÓN ALIAD-ULTREIA	PROGRAMA TECENDO FUTURO	8.000,00 €	2311.48900
(...)			
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER	ATENCIÓN PSICOSOCIAL AO PACIENTE ONCOLÓXICO	8.000,00 €	2314.48900
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER CHANTADA	PROGRAMA DE ATENCIÓN DIRECTA	12.000,00 €	2314.48900
ARELA ASOCIACIÓN	ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA PARA AS NENAS, NENOS E ADOLESCENTES RESIDENTES NA CASA DE FAMILIA ARELA DE MONFORTE DE LEMOS	5.000,00 €	2314.48900
(...)			
...”			

Explica a Interventora a modificación, que só afecta ao concepto de catro subvencións da relación de Subvencións Nominativas do Orzamento, sen supoñer ningún cambio no perceptor nin no importe.

Sometida proposta a votación, a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=6>

--00000--

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	23/41



7.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA IMPULSAR UNHA LEI INTEGRAL DE CULTURA.

Logo de ver a proposta de Goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para impulsar unha Lei integral de cultura.

Exposición de Motivos:

Logo de 40 anos de autonomía xa é hora de facer balance para dar pasos adiante que permitan a superación dos déficits actuais e avanzar novas fórmulas adaptadas ao que o sistema cultural ofrece e demanda.

Vense de presentar no Parlamento de Galiza unha proposta para impulsar o sector cultural galego encol dunha Lei Integral de Cultura que actualice o mapa público da oferta cultural, coa vontade de dotar ao País de ferramentas para garantir a función social e o dereito de acceso á cultura.

Con esa proposta, que procura actualizar o mapa público da cultura e adaptalo á realidade galega de 2023, quérese dar resposta ás necesidades que presenta a cultura e a lingua galega e ás necesidades que demanda o propio sector.

A iniciativa inclúese dentro do marco actual de acción de comunidades como Canarias, coa Lei do Sistema Público de Cultura de Canarias, onde o seu parlamento fixou por lei, avanzar cara ao 2% do orzamento para a cultura en 2030, acordo que tamén se recolle na proposta de Lei Integral de Cultura para Galiza.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	24/41





O deseño da política cultural non pode ser sempre un actor secundario nin responder á improvisación ou a axendas marcadas desde fóra de Galiza. Pola contra ,esa proposta procura non identificarse con criterios exclusivos de diversión ou turismo senón tamén avanzar na protección dos dereitos culturais, algo que non pode agardar máis tempo, xa que se trata dun eido, o da acción e divulgación cultural, presente como elemento central do debate, especialmente a través de temáticas como os dereitos culturais.

A proposta ten por obxecto a regulación dos dereitos culturais da cidadanía galega e a articulación do sistema cultural público do noso País para actualizar o mapa cultural ás esixencias do 2023 e os anos vindeiros, é dicir, adaptar o mapa da cultura ao presente e o futuro de Galiza, escoitando ás necesidades que presenta a lingua galega, ás necesidades que demanda o propio sector cultural e ás novidades e cambios que se produciron nas últimas décadas no ámbito cultural, como a mudanza tecnolóxica, o mundo dixital, a relación co multimedia e transmedia e as novas formas de acceso e difusión dos produtos e novas culturais.

Defendese unha Galiza á vangarda cultural fronte á continua perda de peso político diluído nunha “macro-consellería” na que centros senlleiros de arte e produción propia como o Centro Dramático Galego, o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Centro Coreográfico Galego ou a Filmoteca de Galicia-CGAI, non poden seguir perdendo identidade. Tampouco é tolerable que a cultura galega continúe relegada a un segundo plano no marco dos medios públicos galegos, a CRTVG.

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e o seu traslado á Xunta.:

1º.- Instar a Xunta de Galiza a consensuar unha proposta de Lei Integral de Cultura que permita poñer a Galiza na vangarda e innovación en política cultural.

2º.- Apoiar as iniciativas que vaian na liña de acadar para Galiza unha Lei integral de Cultura”.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	25/41



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR Á XUNTA OBRAS DE MELLORA NA ESTRADA LU-651 E A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA ESTRADA ENTRE FOLGOSO DO COUREL E SEOANE.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para esixir á Xunta obras de mellora na estrada LU-651 e a construción dunha nova estrada entre Folgoso do Courel e Seoane.

A situación da estrada LU-651 é un bo exemplo da desidia, a mala xestión e a dobre vara de medir do PP no que fai ás infraestruturas viarias da nosa provincia. A mediados deste mes de febreiro coñecíamos os efectos dos temporais dos meses de decembro e xaneiro, que a Xunta non dera a coñecer antes. Posiblemente porque os novos correntamentos de terra e desprazamentos da calzada non deixan en bo lugar a súa xestión nesta vía fundamental para a comarca do Courel. A mala situación detectada nos quilómetros 18, 28 e 29 están a precisar novas obras de reparación, con cortes que obrigan ós vehículos pesados a facer un trazado alternativo cun rodeo de 30km, cas molestias e o incremento de custe que isto supón.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	26/41





A actual situación pon de manifesto que a Xunta nen fai as obras de mantemento precisas para garantir o bo estado das súas estradas, nen actúa con dilixencia cando se producen deterioros graves. O afundimento de 200 metros de firme en marzo do ano pasado nesta mesma estrada, ocasionou un corte que se prolongou durante catro meses, e ademais a Xunta tardou 44 días en artellar un desvío alternativo. A mesma administración que pedía a restauración inmediata do tráfico no viaduto da A-6, se daba a si mesma un prazo de ano e medio para solucionar un tramo de 200 metros.

A historia recente da LU-651 é un resumo da pésima xestión viaria da Xunta. As peticións de reforma remóntanse ó ano 1999, sendo alcalde José López. A Xunta demorou por dous anos a resposta, e só no 2001 se anunciaba o estudio previo e se abría ó tráfico o tramo entre Folgoso e Quiroga. A actual alcaldesa, Lola Castro, anunciaba xa no 2010 que a Xunta tiña intención de reactivar as obras, pero o certo é que só se traballou no papel, xerando titulares de prensa, anuncios e promesas, sen asumir ningunha obra concreta.

A preocupación pola situación desta estrada motivou unha pregunta parlamentaria do deputado socialista Pablo López Vidal en maio do ano 2010, acerca de periodicidade dos traballos de mantemento e acondicionamento. Con data un de xullo, o goberno galego contestou en bloque ás máis de 472 preguntas parlamentarias presentadas por Pablo López Vidal sobre a situación das estradas galegas. A resposta foi xenérica, referindo a planificación xeral dos traballos previsto pola Xunta pero sen dar ningún detalle sobre a situación da estrada LU-651 ou de ningunha outra.

O abandono e mal estado da estrada foi de novo denunciado en abril do ano 2015 polos parlamentarios socialistas Juan Carlos González Santín, Jose Antonio Sánchez Bugallo e Raúl Fernández Fernández. Como recollían entón na exposición de motivos da súa pregunta “a Xunta de Galicia nin puxo a primeira pedra nin moveu unha soa máquina en todo este tempo”. A resposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en setembro de 2015, aseguraba que viña “de redactar o proxecto de acondicionamento e mellora da estrada LU-651 entre Folgoso do Courel e Seoane”, dando a entender que non tiña existido ningún proxecto de mellora no ano 2010, a pesares dos anuncios en prensa.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	27/41



Ante este exemplo de desidia, atrasos e mentiras, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- Ó arranxo integral da estrada autonómica LU-651 para modernizar e mellorar o seu trazado e dotala dos muros de contención e elementos de sinalización e seguridade propios dunha vía das súas características e o seu entorno.
- A construción da nova estrada entre Seoane e Folgoso do Courel, que leva pendente, bloqueada e sen executar dende fai mais dunha década, para mellorar as conexións e a cohesión territorial da provincia de Lugo”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=8>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA ESIXINDO Á XUNTA QUE ATENDA AS RECLAMACIÓNS DA SOCIEDADE GALEGA SOBRE MELLORAS NA SANIDADE PÚBLICA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista esixindo á Xunta que atenda as reclamacións da sociedade galega sobre melloras na sanidade pública.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	28/41





O pasado 12 de febreiro, a sociedade galega saíu á rúa para manifestar o seu desacougo ca situación da sanidade pública na nosa Comunidade. En contra do que se dixo dende a Xunta e dende o Partido Popular, a manifestación que xuntou a decenas de milleiros de persoas en Santiago foi unha expresión de hartazgo social ó marxe de intereses partidistas ou sesgos ideolóxicos.

O/a médico con sobrecarga de doentes; o/a responsable dun PAC co cadro de persoal en mínimos; os pais e nais sen atención pediátrica; os/as familiares de doentes en listas de espera... Toda esa xente non xuntou no Obradoiro para facer política. Xuntaron para reclamarlle á Xunta políticas sanitarias que garantan a atención de calidade para os e as pacientes e unha carreira profesional digna para o persoal sanitario.

A manifestación do día 12 foi un resumo das queixas que se veñen rexistrando nos últimos anos, en Lugo e no resto das provincias galegas, por mor das políticas de recortes e mala xestión do PP. Ante o clamor da xente, a resposta do Goberno da Xunta foi de novo decepcionante, co seu presidente anunciando xa antes da manifestación que el ese día tiña previsto desfrutar dun cocido. Parece que os problemas dos galegos e galegas son tan nimios que o seu máximo responsable ben pode marchar de festa. Á actitude dos responsables do Sergas, do Conselleiro de Sanidade, e do Presidente da Xunta merece hoxe o reproche clásico da cita de Cicerón: ¿ata cando van vostedes a abusar da nosa paciencia? ¿Ata cando van a abusar da sociedade galega?

O Grupo Socialista da Deputación de Lugo ten un compromiso firme e inalterable en defensa dos servizos públicos, nomeadamente da Sanidade. Ó longo deste mandato que está a piques de rematar, trouxemos a este Pleno de xeito reiterado iniciativas que recollían as necesidades dos e das cidadáns da nosa provincia. Mocións que falaban de falla de pediatras, de déficits na atención primaria, de centros sanitarios con consultas pechadas, de persoal sobrecargado de traballo, de doentes do rural que non teñen acceso á atención sanitaria na súa vila.

Atopamos sempre a negación da realidade e o desdén cara a poboación como resposta dos populares lucenses. Pero o encono do PP contra dos servizos públicos non fará xamais que deixemos caer no esquecemento as verdadeiras necesidades dos e das lucenses, que como o resto

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	29/41



dos galegos/as se manifestaron o pasado día 12 reclamando a sanidade á que teñen dereito. E por iso presentamos en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo esixa á Xunta:

- Que escoite á sociedade galega e atenda as reclamacións de mellora na sanidade pública expresadas na manifestación do pasado día 12 de febreiro.
- A elaboración dun plan urxente de melloras na Atención Primaria que inclúa o compromiso de adicar a esta faceta da sanidade o 25% do orzamento sanitario, como recomenda a OMS.
- A elaboración dun plan urxente para a recuperación da Atención Pediátrica.
- A elaboración dun plan urxente para reducir as listas de espera.
- O compromiso de convocar cada ano o 100% das prazas MIR autorizadas polo Goberno do Estado.
- A recuperación dos cadros de persoal dos PAC e centros hospitalarios afectados polos recortes.
- O deseño dunha política de persoal que cubra as baixas por vacacións, enfermidade e xubilacións.
- O fin da política de temporalidade que leva ós profesionais a firmar decenas ou centos de contratos por horas, días ou semanas.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=9>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEMANDA DUN XULGADO ESPECÍFICO DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA LUGO.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	30/41





Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en demanda dun xulgado específico de violencia de xénero para Lugo

Exposición de Motivos:

Nas últimas Memorias do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero reitérase a recomendación de avanzar na especialización dos xulgados que coñecen ou enxúzan asuntos relacionados coa violencia contra as mulleres.

Tamén se recolle que dende o Servizo de Inspección téñense realizado, ademais, numerosos informes nos que se analizaba a necesidade de creación de órganos instrutores e de enxuízamento, a especialización ou incluso a comarcalización dalgúns dos xa existentes. Respecto á especialización dos xulgados do penal en violencia de xénero, acordouse co Servizo de Inspección a elaboración do informe que contemplara as condicións para a especialización de polo menos un xulgado do penal en cada provincia.

Coincidindo con esta necesidade, o BNG defende a creación de tres xulgados máis de violencia de xénero na Galiza, en Santiago de Compostela, Lugo e Ourense. Demanda que foi acordada co actual goberno do Estado pero que a día de hoxe aínda no se materializou.

Esta mesma, a reclamación foi materializada mediante sendas emendas aos proxectos de Presupostos Xerais do Estado correspondentes aos anos 2021, 2022 y 2023, sen acadar o apoio suficiente para a súa aprobación e incorporación.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	31/41	

Para facer fronte a esta situación, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ao Goberno do Estado a cumprir coa recomendación do Observatorio contra a Violencia de Xénero do Poder Xudicial e incrementar os órganos especializados nesta materia ademais de garantir a existencia de, cando menos, un xulgado de violencia de xénero por provincia. Dotando a Lugo do que lle corresponde.

2.- Instar a Xunta de Galiza a reclamar a creación dun xulgado específico de violencia de xénero en Lugo e a por os medios que dela dependan para a súa creación”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=10>

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA QUE SE SOLICITE A DESCULPA, RECTIFICACIÓN E CESE INMEDIATO DA MINISTRA E A SECRETARIA DE ESTADO DE IGUALDADE.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para que se solicite a desculpa, rectificación e cese inmediato da Ministra e a Secretaria de Estado de Igualdade.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	32/41





Exposición de Motivos:

A Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida como a Lei do “solo si es si”, modificou o Título VIII do Código penal no relativo aos delitos denominados actualmente de liberdade sexual. Agora todos estes delitos son considerados agresión sexual, cando con anterioridade dividíanse en abusos ou agresións sexuais, segundo a súa gravidade. Aínda máis grave, as penas destes feitos delituosos especialmente lesivos para as mulleres e menores víronse reducidas para dar cabida a delitos de menor envergadura. Esta circunstancia implica que moitos dos condenados por estes feitos poderán acollerse a unha redución das súas penas, pola aplicación obrigatoria do principio de norma máis favorable para o reo, en base ao artigo 2 do Código penal. Unha circunstancia da que o Grupo Parlamentario Popular avisou durante a tramitación da Lei, sendo entón acusados os seus deputados de difundir bulos, por parte da coalición de Goberno.

O pasado 7 de outubro esta Lei entraba en vigor e o que dicían eran bulos resultaron ser verdades, de feito, a día de hoxe, 14 de febreiro, os medios de comunicación anuncian a posta en liberdade do “violador del portal” que cumpría condena por ter cometido varias agresións sexuais na cidade de Lugo no ano 2016. Gracias a esta lei benefíciase dunha rebaixa na súa condena e queda en liberdade antes do previsto. Nesta data máis que nunca, o equipo de goberno de Lugo debe manifestar a súa repulsa ás consecuencias desta Lei.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo

O Pleno da Corporación da Deputación de Lugo acorda:

1.- Instar ao Goberno de España á inmediata revisión, pola vía de urxencia, da Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, para que quen cometa delitos sexuais poidan ter, canto antes, as mesmas penas que estaban en vigor ata setembro de 2022, e que se viron rebaixadas coa actual regulación

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	33/41	

2.- Instar ao Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, a destituír á Ministra de Igualdade, Irene Montero, e a Secretaria de Estado do ramo, Ángela Rodríguez, polas irresponsables e indignas declaracións efectuadas e pola inacción lexislativa para protexer ás mulleres.

3.- Que a Deputación de Lugo non participe en ningún acto institucional ou protocolario con presenza de altos cargos do Ministerio de Igualdade, en sinal de solidariedade con todas as vítimas, ata que non se cumpran as esixencias de rectificación e cesamento aquí expostas. O Partido Popular non participará en ningún acto deste tipo no que o Ministerio tome parte.

4.- Dar traslado deste acordo á Presidencia do Goberno, aos Ministerios de *Justicia* e *Igualdad* e á Mesa do Congreso e do Senado”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=11>

12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN DA VARIANTE DA LU-P-2901 EN O BURGO (LUGO) E Á CREACIÓN DUNHA SENDA PEONIL PARALELA Á ACTUAL ESTRADA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	34/41





Provincial do Partido Popular relativa á construción da variante da LU-P-2901 en O Burgo (Lugo) e a creación dunha senda peonil paralela á actual estrada.

Exposición de Motivos:

A estrada LU - P 2901 “ LU 232 – O Burgo – Palas de Rei” é unha vía provincial, con 36,3 quilómetros, que descorre polos municipios de Lugo, Friol, Guntín e Palas de Rei. Do total de quilómetros desta vía, en 14,6 coincide co Camiño Primitivo. A Deputación levou e leva a cabo traballos de rehabilitación de firme en tan só algúns tramos desta estrada ao longo do actual mandato. A mellora do pavimento en gran parte desta vía era, e aínda é, onde non se acometeu, unha necesidade imperiosa. Pero o seu escaso ancho, a abundante circulación rodada que soporta e o intenso tráfico peonil que rexistra, como consecuencia da súa coincidencia co trazado do Camiño Primitivo, esixen a adopción de medidas de maior alcance que as executadas ata o momento. É precisa a creación dunha senda peonil segura, pola que poidan transitar os peregrinos e o resto dos peóns. De feito existe xa un pequeno tramo de senda separada da calzada, porcentualmente insignificante, pero que por si mesmo pon de manifesto a necesidade de ampliar o seu recorrido. Con todo, a solución do problema á seguridade vial non se terá ata que, como vén demandando o Partido Popular, se acometa a necesaria variante de O Burgo, no municipio de Lugo.

O PP, por medio do seu grupo municipal no Concello de Lugo, demandou en reiteradas ocasións a creación dunha variante desta estrada en O Burgo, de maneira que se evitara o paso do tráfico rodado, salvo o local, por este núcleo, no que a convivencia do intenso tráfico peonil, circulación de vehículos de todo tipo, incluída maquinaria agrícola, e gando crea numerosas situacións de risco. Esta mesma iniciativa foi defendida en distintas ocasións polo grupo provincial popular e deu lugar a un acordo plenario aprobado por unanimidade (26 de decembro de 2018), no que se concretaba, ademais da mellora do firme da actual vía, o incremento do seu ancho, aspecto este último sobre o que nada se fixo pola Deputación. A variante do Burgo melloraría os tempos de recorrido, incrementaría a seguridade peonil e vial nesta parroquia do municipio de Lugo e melloraría tamén a calidade de vida dos seus veciños.

O goberno provincial fixo oídos xordos a cantas propostas se lle expuxeron polo Partido Popular para a creación da variante da LU-P 2901 en O Burgo e limitouse e limitáase á

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	35/41



rehabilitación superficial do pavimento da estrada en O Burgo, sen considerar a posibilidade de ampliar o seu ancho nin de crear unha senda peonil, que é unha necesidade evidente para quen coñece de primeira man a situación que se dá nesta vía.

Tampouco atendeu a Deputación ás demandas dos veciños do resto dos municipios polos que discorre esta estrada intermunicipal en canto ao seu mantemento integral. A LU-P-2901 de titularidade provincial precisa sen máis demora unha atención a fondo por parte da Deputación, na que resulta inaprazable a renovación do pavimento no tramo correspondente ao municipio de Guntín e Friol, e a substitución da numerosa sinalización vertical deteriorada en todo o trazado desta vía.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación insta ao equipo de goberno provincial a:

- Xestionar a construción dunha variante da estrada LU-P 2901, á altura de O Burgo.
- Deseñar e executar unha senda peonil, en paralelo á estrada LU-P 2901, na parte do trazado no que esta vía coincide co Camiño Primitivo, aproximadamente nun total de 14,6 quilómetros.
- Avanzar na renovación do pavimento ata completar o total do trazado da LU-P 2901 e renovar a sinalización vertical”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“Instar á Xunta de Galicia no marco do Plan de Sendas Verdes, no Plan de mantemento e conservación dos Camiños de Santiago ou en ambos, á redacción do proxecto e posterior execución dunha senda peonil que discorra en paralelo á LU-P-2901”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	36/41





Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=12>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

13.- CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVO Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVERTEMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, DO CONCELLO DE CERVANTES.

Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2022, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “..Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....” dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 27/01/2023 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Cervantes, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=13>

14.- CONTA DO INFORME DOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2022 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY		Página 37/41	

Dase conta do informe dos meses de outubro, novembro e decembro de 2022, relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014, da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento. o Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=14>

15.- CONTA DO INFORME DO CUARTO TRIMESTRE DE 2022 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe do cuarto trimestre de 2022 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=15>

16.- CONTA DO INFORME DO ARTIGO 218 DO RD 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

Dase conta do informe do artigo 218 do RD 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=16>

17.- CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DO EXERCICIO 2022.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe anual de Intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar e anticipos de Caixa Fixa do exercicio 2022.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	38/41	



Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=17>

18.- CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022.

Dáse conta da liquidación do Orzamento de 2022. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=18>

19.- CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día tres ao trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e tres, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0001 ao 0336. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=19>

20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=20>

21.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente comunícase que hai dous Rogos presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación:

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	39/41	

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, en relación cos traballadores do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Representantes deste grupo reunímonos recentemente con traballadores do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento. Neste encontro expuxéronnos as súas demandas laborais, as cales consideramos merecedoras de ser tomadas en consideración por parte do dito Consorcio e, en particular, polo seu actual Presidente, José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, que tome en consideración as demandas dos traballadores deste Consorcio”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, en relación cos traballadores do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Unha gran parte da ampla rede de estradas de titularidade provincial presenta notables deficiencias, que inciden negativamente na calidade de vida dos veciños e, de maneira moi

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	40/41





especial, na seguridade vial. Unha das estradas provinciais que precisa atención con urxencia debido ao seu pésimo estado é a LU-P 4004 no municipio de Palas de Rei.

O mal estado desta vía, que conta con 10,477 quilómetros dos que 10,306 qms. transcorren por este concello e, que comunica varias parroquias co centro urbano e con outro concello (Friol), xera numerosas queixas dos veciños. Nesta estrada que ten un tráfico intenso (xa que por ela circulan, ademais de turismo, máquinas agrícolas e vehículos pesados), hai puntos nos que os usuarios da mesma teñen que invadir o carril contrario para esquivar as fochancas.

Así mesmo, cómpre salientar que as deficiencias desta vía provocan o malestar, entre outros, dos veciños de Berbetouros, Mosteiro e Cubelo, é dicir da zona máis gandeira do municipio, que temen que en calquera momento os camiións para servizo das explotacións gandeiras teñan dificultades para pasar e estas queden incomunicadas.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

Que, á maior brevidade posible, adopte as decisións necesarias para levar a cabo a mellora do pavimento e da sinalización vertical e horizontal da LU – P4004 “DEVESA DE REI (N- 547) – RIBEIRA–XENDE–(LU-P2901)”.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230228&punto=21>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

	IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Fecha y Hora	07/03/2023 23:01:23	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BEUL6DEJN3LJDCAMFKRYAPY	Página	41/41	